



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/ 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 4/2015

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

En Paradelas, a dez de xuño de 2015

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e catro minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde en funcións, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ

Non asiste a Sr. Concelleira D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ, xustificando a súa ausencia por temas de saúde dun familiar e D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE MARZO DE 2015 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 27 DE ABRIL DE 2015.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de marzo de 2015 e a acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 27 de abril de 2015, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de marzo de 2015 e a acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 27 de abril de 2015.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente en funcións levantou a sesión sendo as trece horas e seis minutos do dez de xuño de dous mil quince, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace
O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor